



SOSTER A VIDA EN PALESTINA, OFICIO A OFICIO.

Fortalezcamos as ferramentas da economía popular fronte á ocupación.

Despois de máis de 75 anos de ocupación militar israelí e de máis dun ano do inicio da última ofensiva contra Gaza, Palestina vive unha crise económica sen precedentes, marcada polo colapso do PIB per cápita, a pobreza xeneralizada e o aumento vertixinoso do desemprego.

Despois de 2023, o 2024 foi o segundo ano igualmente catastrófico para Palestina, principalmente na Franxa de Gaza (desde o 7 de outubro de 2023), pero tamén na Ribeira Occidental e Xerusalén Oriental, que se enfrontaron á expansión da colonización e a accións militares, en particular en Yenín, Tulkarem e Nablus.

As economías populares están a enfrontarse ao dilema da sustentabilidade, expostos a unha importante crise no marco da situación estrutural que Palestina soportou durante décadas, pero que alcanza o seu punto álxido na actualidade.

En Palestina, soste unha panadaría, un taller de costura ou un campo de oliveiras non é só unha forma de gañarse a vida: **é unha forma de resistir**. No medio dunha ocupación que arrasa terras, encarcera persoas, bombardea mercados e bloquea territorios, miles de palestinas e palestinos levántanse cada día para sementar, cociñar, coser, transportar, coidar. **Son oficios que sosteñen a comunidades enteiras**. E, por iso mesmo, tamén son atacados.

Fronte a esta realidade, **Coop57 e a Fundación Coop57** propuxémonos **apoiar a autonomía palestina**. Facémolo a través dunha ferramenta concreta da economía popular palestina, o proxecto **DAMAN**: un sistema de Garantía Solidaria de Crédito¹ que garante os microcréditos de pequenas iniciativas —moitas delas lideradas por mulleres— mesmo nun contexto de guerra e ocupación, cando o risco (de falta de pagamento) é tan grande que imposibilita o financiamento da actividade económica.

Para poder sacar adiante estes oficios, moitas persoas e as súas iniciativas, necesitan un pequeno investimento económico. Para iso creáronse microfinancieras palestinas (IMF) que conceden créditos, pero para que estas poidan continuar nun contexto tan hostil, necesitan certa garantía. A organización DAMAN é unha entidade sen ánimo de lucro palestina que actúa como rede de protección, cubrindo as perdas cando a ocupación impide que as palestinas poidan devolver o préstamo. Poñamos por caso que un mozo monta unha carpintería e os colonos a destrúen, ou unha muller abre unha pequena tenda, pero o exército de Israel desprázaa a ela e á súa familia. DAMAN cobre unha parte importante do préstamo, asumindo ata o 80% da débeda pendente.

¹ **Que significa “Garantía Solidaria de Crédito”?** É un mecanismo utilizado principalmente en contextos de finanzas éticas, economía social ou microfinanzas, para facilitar o acceso ao crédito a persoas ou colectivos que non poden ofrecer garantías tradicionais (como propiedades, avais bancarios ou nóminas estables). É un sistema no que un grupo de persoas, comunidade ou organización actúa como aval colectivo do préstamo outorgado a unha ou varias persoas. Isto na práctica tradúcese en que, se unha persoa non pode devolver o crédito, o grupo responsabilízase colectivamente. Baséase na confianza comunitaria, o apoio mutuo, a autonomía e o acceso sen exclusión.



Desde Coop57 e a Fundación Coop57 cremos que a **solidariedade financeira** tamén é un recurso de resistencia e **o crédito pode ser unha ferramenta de autonomía e co-dado**. É por isto que nos propomos lanzar unha campaña para recadar fondos que reforcen ese sistema de garantías e permitan que a economía social palestina siga en pé. Porque mentres os nosos países financien o xenocidio e a ocupación co comercio de armas e silencios cómplices, as nosas redes poden financiar a economía popular que sostén a vida digna en Palestina.

Obxectivo

Propuxémonos unha primeira meta concreta: recadar 50.000€ a través dunha campaña, que se desenvolverá durante os meses de maio a setembro, a través de accións comunicativas que interpelan directamente a entidades de economía solidaria, redes de finanzas éticas e movementos sociais comprometidos con Palestina, co fin de sumar apoios e ampliar o alcance desta proposta.

Os recursos entregaranse a DAMAN, quen conformou un sistema de "Garantía Solidaria de Crédito" para facilitar que Institucións de Microfinanzas (IMF) palestinas sigan prestando servizos financeiros a iniciativas de economía popular en situación de vulnerabilidade por mor das afectacións polas medidas e políticas de ocupación ilegal.

Esta achega é simbólica, porque realmente as finanzas en palestina necesitan un impulso maior.

Funcionamento de DAMAN

DAMAN actúa a modo de colchón cando a iniciativa que recibiu o préstamo non pode devolvelo, por causa directa da ocupación. La garantía cobre ata o 80% da débeda pendente, a través dun mecanismo de repartición de riscos coa IMF, que asume o 20% restante do risco, a condición de que se dean estas condicións:

- Proxectos iniciados destruídos total ou parcialmente pola ocupación israelí
- Persoa prestataria encarcerada por motivos políticos por máis de seis meses.
- Persoa prestataria e/ou parente de primeiro grao que contribúa aos ingresos familiares ou que traballe no proxecto financiado asasinado o exército israelí, o que repercute directamente na capacidade de reembolso do prestatario.
- Prestatarios afectados por restricións ao comercio no mercado local ou exportacións a Israel.
- Toque de queda de longa duración (posterior á prórroga do préstamo) que afecte o proceso de produción durante un período superior a un mes ou que afecte á venda dos produtos.

Institucións de microfinanzas (IMF) palestinas coas que traballa DAMAN

Co reforzo do sistema de Garantía Solidaria de Crédito de DAMAN, a través do diñeiro recadado, o seguintes tres (IMF), poderán seguir ofrecendo máis créditos durante o período 2025-2026.



ASALA: A misión de ASALA é apoiar o microemprendemento feminino en Palestina, brindando ás mulleres a oportunidade de desenvolver a súa propia actividade e xestionala de maneira efectiva.



ACAD: O papel de ACAD é promover o desenvolvemento agrícola, proporcionando ás comunidades os medios para a súa subsistencia de maneira autónoma, o que contribúe a un crecemento inclusivo.



REEF: REEF interésase polas iniciativas rurais de pequena dimensión, realizando estudos de viabilidade e apoiando aos emprendedores na xestión das súas iniciativas.

Para acceder a un crédito con estas entidades, as iniciativas deben xerar actividade económica (non aplica neste caso, o financiamento de préstamos ao consumo) con poucas oportunidades de ser financiadas por unha entidade de crédito “tradicional”. Isto é así porque non dispoñen de patrimonio suficiente para avalar o crédito e, doutra banda, polo risco elevado a causa do contexto político.

Estas iniciativas están conformadas principalmente por mozas, mulleres, agricultores e cooperativas, en todo o territorio palestino (Cisjordania, Xerusalén Este e Gaza).

Nas entidades de microcrédito **ASALA**, **ACAD** e **REEF** podedes atopar casos de familias e cooperativas beneficiarias dos microcréditos. E na web de Daman tamén hai exemplos de casos nos que a garantía de crédito tivo que actuar:

<https://damansme.ps/success-stories/>

Razóns para colaborar

- **Por xustiza económica:** mentres os nosos gobernos financien o xenocidio e o apartheid, as redes populares temos a responsabilidade de apoiar á vida que resiste.
- É unha **ferramenta concreta** con impacto directo. Reivindica o crédito como ferramenta de redistribución, **autonomía e coidado**.
- Apoio á **autonomía** fronte a modelos de dependencia.
- **As finanzas tamén poden ser unha ferramenta de redistribución, autonomía e coidado.**
- É unha proposta concreta de xustiza **económica e solidariedade popular**.

Esta campaña está aberta a todas as persoas que queiran sumar, desde Coop57 **convídamosche a sumarte, a colaborar:**

- Axudarnos a difundir a mensaxe nas túas redes, espazos e comunidades. Ademais, se formas parte dun grupo, colectivo ou entidade interesada en organizar algunha acción de difusión, charla ou campaña local, ponte en contacto connosco.
- Podes facer unha achega individual, por pequena que sexa.